

Cuarto curso

- 1. Comprender a información xeral e específica, a idea principal e os detalles máis relevantes de textos orais emitidos en situacións de comunicación interpersonal ou polos medios audiovisuais, sobre temas que non esixan coñecementos especializados.**

Con este criterio avalíase a capacidade dos alumnos para comprender mensaxes emitidas en situación de comunicación cara a cara e que viren ao redor de necesidades materiais e relacións sociais, sensacións físicas e sentimentos ou opinións. Así mesmo preténdese medir con este criterio a capacidade para comprender charlas, noticias e presentacións, emitidas polos medios de comunicación audiovisual de forma clara, breve e organizada.

- 2. Participar en conversacións e simulacións utilizando estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e á intención comunicativa.**

Con este criterio valórase a capacidade para desenvolverse en conversacións con intencións comunicativas diversas (establecer relacións, expor, narrar e argumentar, describir e dar instrucións), utilizando as estratexias e os recursos que aseguren a comunicación cos interlocutores habituais no aula ou falantes nativos. Os intercambios comunicativos conterán elementos de coordinación e subordinación básica que poden presentar algunhas incorreccións que non dificulten a comunicación.

- 3. Comprender a información xeral e específica de diversos textos escritos auténticos e adaptados e de extensión variada, identificando datos, opinións, argumentos, informacións implícitas e intención comunicativa do autor.**

A través deste criterio apreciarase a capacidade para comprender os textos máis usuais e útiles da comunicación escrita, ou textos literarios e de divulgación que traten temas relacionados coa cultura e a sociedade dos países onde se fala a lingua estranxeira estudada, aplicando as estratexias adquiridas e progresando noutras novas como a realización de inferencias directas. Con este criterio tamén se avalía a capacidade para ler de forma autónoma textos de maior extensión co fin de consultar ou buscar información sobre contidos diversos, para aprender, ou por pracer ou curiosidade, facendo uso correcto de dicionarios e doutras fontes de información en soporte papel ou dixital.

- 4. Redactar con certa autonomía textos diversos cunha estrutura lóxica, utilizando as convencións básicas propias de cada xénero, o léxico apropiado ao contexto e os elementos necesarios de cohesión e coherencia, de maneira que sexan facilmente comprensibles para o lector.**

Trátase de apreciar a capacidade para comunicarse por escrito de forma ordenada, iniciándose na produción de textos libres (avisos, correspondencia, instrucións, descrições, relatos de experiencias, noticias, etc.) cunha estrutura adecuada lóxica e prestando especial atención á planificación do proceso de escritura. En todos os escritos, en papel ou en soporte dixital, avaliarase a progresiva utilización das convencións básicas propias de cada xénero e a presentación clara, limpa e ordenada.